

COMPOSICIÓN 21. A Transición e a consolidación da democracia.

O final do Franquismo presenta 3 aspectos que o caracterizan:

A difícil situación económica e internacional debido á crise de 1973 e a “Marcha verde” promovida por Marrocos para incorporar o Sahara español.

O **incremento da oposición**: **Os partidos políticos tradicionais de oposición como o PCE**, principal forza opositora, o **PSOE**, renovado en 1974 e liderado por Felipe González, seguido de **republicanos, nacionalistas como PNV, ERC ou UPG** desde 1964; vanse unir tamén **sectores do propio réxime ou próximos a el como monárquicos liberais**, próximos a Don Xoán, a **Democracia Cristiá ou liberais europeístas**. A propia **Igrexa católica**, a partir do Concilio Vaticano II, intentará afastarse do réxime a prol da evolución cara a democracia. Noutro dos piares do franquismo como o **exército** xurdirá un pequeno grupo de oposición ó réxime, a **UMD**. Outros focos importantes de oposición ó réxime serán **A Universidade e o movemento veciñal**. A crise de 1973 acentuará a conflictividade social e o malestar contra o réxime de Franco.

A desunión entre a clase dirixente entre: Os **aperturistas** (partidarios de certos cambios que permitiran ensanchar as bases sociais e políticas do réxime). Pío Cabanillas e o grupo Tácito defenderon algunhas políticas aperturistas como a Lei de Asociacións: e os **inmobilistas** (o búnker. Arias Navarro, Blas Piñar...) partidarios de manter o réxime franquista (reforzados polo atentado a Carrero Blanco, a execución de Puig Antich ou o medo o espallamento por España da “revolución dos caraveis” de Portugal).

O 20 de novembro de 1975 Franco morre. O 22 de novembro Xoán Carlos foi proclamado Rei de España polas Cortes franquistas. Trala morte de Franco só quedaban 2 vías posibles, a **rotura co franquismo como propoñía a oposición, ou ben unha vía reformista, desde a legalidade**.

O Pceso de Transición foi un **proceso pacífico** (en paz e orde, maila actividade de terror de grupos de ultradereita, Guerrilleiros de Cristo Rei, e grupos de ultrasquerda: GRAPO, FRAP e ETA. Ambos pretendían impedir a evolución cara á democracia); **graduado no tempo**; baseado no **consenso das forzas políticas**; **acadando o equilibrio entre a reforma e a ruptura, por mor do achegamento entre os reformistas do réxime que apostaban pola instauración da democracia, dentro do propio réxime, “de lei a lei” tal como defendían O Rei, Fernández Miranda e Suárez, e a oposición antifranquista partidaria, ata a aprobación da Lei de Reforma Política**, dunha **rotura co réxime franquista**.

Despois de que o Rei Xoán Carlos acade a dimisión de Arias Navarro, integrante do Búnquer, **Torcuato Fernández Miranda liderará en principio o desmantelamento do sistema, propiciará a elección de Suárez como Presidente do goberno e levará o peso da elaboración da Lei de Reforma Política**, que vai ser o **instrumento para rematar coas institucións franquistas e avanzar cara á democracia**.

A Lei consta de 4 artigos, neles sinálase que a **soberanía lle corresponde á nación e a convocatoria de eleccións por sufraxio universal para elixir a representantes dunhas Cortes formadas por Congreso e Senado e que serán as encargadas de elaborar unha Constitución**.


Suárez e Torcuato F.M. convencen ós procuradores franquistas para a aprobación da Lei porque supón o camiño cara a democracia desde a legalidade vixente, sen responsabilidades políticas, con paz social e un proceso controlado polo goberno e polo Rei. O 18 de novembro de 1976 as Cortes franquistas aproban por maioría a Lei de Reforma Política que remata coa súa existencia (**Cortes haraquiri**) **O 15 XII 1976 celébrase o referendo para a aprobación da L.de R.P. Os inmobiliistas do réxime franquista apoiaron ó non no referendo, mentres os grupos de oposición reunidos na Plataxunta reclamaban a abstención. A lei foi referendada por ampla maioría (94% síes)**

As medidas do goberno ata a celebración das eleccións orientáranse principalmente a Reformas de carácter liberal e á preparación das eleccións xerais. Entre as reformas destacan: a aprobación dunha **amnistía para todos os presos políticos** (agás os acusados de delitos de terrorismo), **ampla liberdade de expresión**, recoñecemento do **dereito de Folga**, **Legalización de Centrais Sindicais**, disolución do **Movemento Nacional**, partido único 1937 (xa en 1976, rematárase co **OSE**, sindicato vertical).

O apoio do pobo español á L de Reforma Política no referendo facilitou que **todas as forzas de oposición ó franquismo abandonasen a rotura e aceptasen o pacto, o consenso** para construír a democracia en España. Outras medidas tamén axudaron ó consenso como: a aprobación da **Amnistía** para os presos políticos, as negociacións persoais con Adolfo Suárez, personaxe fundamental no proceso. **O cumio foi, a legalización do PCE na Semana Santa de 1976, maila oposición dos militares ós que Suárez lles prometera que nunca sería legalizado o PCE. O PCE acepta a Monarquía, a bandeira bicolor, a unidade de España, en troques da Democracia. Suárez, consciente de que sen o PCE non existiría unha verdadeira democracia e que a maior parte da poboación é favorable, legaliza, para sorpresa xeral, o PCE. Opoñíanse á legalización do PCE, o exército e toda a dereita franquista. Parte da dereita democrática, como no caso de Fraga, opinaba que o PCE debería ser legalizado cando a democracia estivera ben asentada.**



LA TRANSICIÓN ESPAÑOLA (1975-1982)



A legalización do PCE permitirá a celebración das primeiras eleccións verdadeiramente democráticas desde a II República a unhas Cortes que elaborarán a Constitución de 1978. Ata 78 partidos políticos foron legalizados. Destacan **Forza Nova** de Blas Piñar, inmovilista do franquismo, a **Alianza Popular** de Fraga, **UCD**, coalición ampla de liberais, demócrata cristiáns, franquistas reformistas...liderada polo presidente Adolfo Suárez (gozaba de ampla popularidade e dos resortes do goberno), **O PSOE** de Felipe González, **PCE** de Santiago Carrillo, partidos nacionalistas(PNV...) e de extrema esquerda (PTE. LCR...)

Nas eleccións do 15 de xuño : A **UCD** conseguiu a vitoria cunha maioría relativa de escanos (165); **O PSOE** foi a segunda forza máis votada. Entre os **fracasos** destacan o do **PCE** que ocupou o terceiro lugar (20 deputados, moi por debaixo das súas expectativas) e **AP** foi 4ª (16 escanos) . Notable **éxito** foi o das **forzas nacionalistas de Cataluña e do País Vasco**, PNV (8 deputados). A **extrema dereita** non obtivo representación e conseguiron **1 escano Euskadiko Ezkerra** e **Esquerra Republicana de Cataluña**.

A Constitución de 1978:

O 22 de agosto de 1977 constituíuse no Congreso unha comisión, formada por sete deputados (3 de UCD, 1 do PSOE, 1 de AP, un do PCE e 1 de CIU), encargada de redactar o borrador do proxecto constitucional. Os seus redactores tiveron en conta a Constitución de 1931 e as de Alemaña e Italia, posteriores á 2ª Guerra Mundial.

Entre as **características** da Constitución de 1978 destacan: **O consenso**, a **extensión**,(a máis longa. 169 artigos), a **ambigüidade**, pois permite que sexa adaptada tanto pola dereita como pola esquerda; a **rixidez**, para reforma votación favorable dos 3/5 de 2 cámaras; **progresista e democrática**.

Entre os **principios** máis destacados desta Constitución cómpre destacar: España defínese como un **Estado social e democrático de Dereito**; a forma política do Estado español é a **Monarquía Parlamentaria**. España é un **Estado unitario** que recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e das rexións que o integran: o **Estado das Autonomías**. O **castelán e as demais linguas españolas** son idiomas oficiais en cadansúa Comunidade Autónoma. A **pluralidade política**, e sindical. A soberanía reside no pobo

En canto ós dereitos e liberdades, o **Artigo 46** recolle unha variedade moi ampla de dereitos:

Dereitos civís: á vida; á integridade física; á igualdade ante a lei ,á liberdade, **de relixión e culto**), á obxección de conciencia; ao honor e á intimidade persoal e familiar; libre residencia. Prohíbese a tortura e a pena de morte.

Dereitos políticos: de expresión, reunión, asociación, á participación política, de folga...

Dereitos sociais: ao traballo; á libre elección de profesión; a un salario suficiente para cubrir as súas necesidades persoais e familiares; á igualdade de trato dos xéneros no traballo; á negociación colectiva, á vivenda; á educación...

Todos os dereitos están garantidos polo **Tribunal Constitucional** e o **Defensor do Pobo**

En canto ós poderes do Estado:

A **Coroa** está representada polo Rei. Como Xefe do Estado. Como corresponde a un sistema de Monarquía parlamentaria, *o rei reina, pero non goberna*. As súas funcións están regulamentadas pola Constitución e actúa sempre a proposta das Cortes ou do Goberno: **sanciona e promulga as leis, convoca e dissolve as Cortes; convoca eleccións e referendo...**


Poder legislativo: Cortes xerais Bicamerais, formadas por dúas Cámaras (Congreso de Deputados e Senado) e representan ao pobo español. Os cidadáns elixen os seus representantes en Cortes na circunscrición electoral, que é a provincia, cada catro anos (período que se denomina lexislatura). En casos excepcionais, pode ser consultado o pobo sobre a aprobación dunha lei: o referendo.

O Poder Executivo correspóndelle ó Goberno. Está formado polo presidente (pode haber vicepresidentes) e os ministros (nomeados e cesados polo rei a proposta do Presidente).

O poder xudicial correspóndelle ós xuíces e ós Tribunais de Xustiza. A xustiza emana do pobo e adminístrase no nome do Rei por xuíces e maxistrados independentes, inamovibles, responsables e sometidos unicamente ao imperio da lei. A xustiza é gratuíta para aqueles que carezan de recursos económicos. Os cidadáns poden participar na administración de xustiza a través do **xurado popular**.

En canto ás relacións Igrexa Estado. O **Estado é aconfesional** e, como constitución democrática, **garántese a liberdade relixiosa**.

Novo modelo de Estado: **Estado das Autonomías**. 2 vías para acceder, **art. 151** para as Comunidades históricas (Cataluña, País Vasco e Galicia), con maior nivel de competencias e o **art. 143** (máis lento e menor nivel de competencias) para o resto. Andalucía acadou a Autonomía polo artigo 151.



a Despois da aprobación da Constitución de 1978 o goberno de Adolfo Suárez encargárase de desenvolver os principios constitucionais, á vez que abordará outras medidas como a *reforma do exército*, a organización das *eleccións dos primeiros concellos democráticos e dos Estatutos das 17 Autonomías*. Para superar os efectos da crise de 1973 promoveu os Pactos da Moncloa entre os principais partidos políticos e organizacións sindicais, que axudaron a aliviar a crise.

Desde o punto de vista político, podemos destacar como principais atrancos **o Terrorismo** (fundamentalmente de ETA contra a cúpula militar do exército para provocar un golpe militar); **o fin do consenso e o incremento da oposición**, fundamentalmente do **PSOE** que co liderado de Felipe González convértese na principal forza de oposición (abandono dos principios marxistas e republicanos; asunción de principios socialdemócratas). O PSOE presentará unha moción de censura contra Suárez, que aínda fracasada, serviu para consolidar e incrementar o carisma e popularidade de Felipe González; as **divisións internas de UCD**, grupo heteroxéneo, (democrat cristiáns, liberais, socialdemócratas, antigos franquistas), unidos ó redor de Adolfo Suárez. Socialdemócratas e liberais tiñan posturas contrarias en temas básicos como educación, política exterior, divorcio... A evolución de UCD pódese considerar un **caso único de descomposición dun partido estando no poder**. A descomposición debeuse, a perda de carisma de Adolfo Suárez, o ascenso do PSOE e Felipe González nas principais cidades, os reveses electorais en Cataluña, País Vasco, o incremento do paro, a incapacidade de combater o terrorismo de ETA e ante os movementos involucionistas do exército (críticos ante a legalización do PCE, golpeados polo terrorismo...). Unha parte do exército afín á ultradereita formará a **Unión Militar Patriótica**, dispostos a un golpe militar, con continuas manifestacións contra o goberno e reivindicando a volta ó franquismo.

En xaneiro de 1981, Suárez que se quedara só, presentou a súa dimisión. Suárez non explicou as razóns, as hipóteses son: *A presión da cúpula militar* (política antiterrorista máis contundente), *A presión do seu propio partido* (deterioro da súa imaxe e carisma. Suárez quédase so), *Presión da Patronal* para un cambio de política económica. *Presión da Igrexa* ante as medidas secularizadoras do goberno (divorcio) e, por último a *falta de confianza do Rei*.

23 F: O máis grave dos problemas da nova democracia española: o intento de golpe de Estado.

As 6 da tarde do 23 F de 1981, o tenente coronel da Garda Civil Antonio Tejero xunto cuns trescentos gardas civís, asaltou o Congreso. Pistola en man, entrou no hemiciclo das Cortes e mantivo como reféns ao Goberno e aos parlamentarios que estaban a celebrar a 2ª sesión de investidura. Seguindo o plano previsto, o capitán xeneral Miláns del Bosch sacou os tanques ás rúas en Valencia e declarou o estado de excepción, pero non logrou que o resto dos xefes do exército das restantes rexións militares secundasen o golpe.

A actuación do rei foi clave na resolución do conflito. Consciente de que o apoio ó golpe poría en perigo á Monarquía (Ex. Primo de Rivera) púxose en contacto cos altos mandos das distintas rexións militares para confirmar a súa lealdade; convocou a Xunta de Xefes de Estado Maior e gravou unha mensaxe emitida por tve na madrugada do 24 na que descalificaba o golpe e defendía a Constitución e a soberanía do pobo español.

Trala mensaxe do rei, a situación quedou controlada, pois os capitáns xerais das distintas rexións militares acatan as ordes do Xefe do Estado. Os tanques en Valencia regresaron aos cuarteis e Tejero rendeuse tras 18 horas de secuestro. Nos días seguintes tiveron lugar en toda España multitudinarias manifestacións populares de apoio á democracia.

Como consecuencias do 23 F, podemos destacar o reforzamento do sistema democrático; o reforzamento da figura do Rei (nace o Juancarlismo), o Rei é contemplado como salvador da democracia; a recuperación do diálogo entre as forzas políticas. PSOE e UCD chegan a acordos en temas económicos e no proceso autonómico, LOAPA...; e a aceleración do recoñecemento exterior. acelerouse a entrada na OTAN e posteriormente na CEE

Goberno de Calvo Sotelo (feb 1981-agosto 1982) Breve etapa na que se continúa a política de UCD. Apróbanse a Lei de divorcio, LOAPA, Lei do Defensor do Pobo... , pero a solicitude de Calvo Sotelo da entrada de España na OTAN significou o fin da colaboración co PSOE e **Incrementouse a Oposición**. O goberno foi deteriorándose ante a **desastrosa xestión do goberno do “escándalo da colza”** e a **desintegración da propia UCD** cando os socialdemócratas e democrat cristiáns xunto cos liberais abandonan o partido. Estes factores levaron á convocatoria de eleccións en 1982, das que saíra gañador o PSOE.



A consolidación da democracia: os gobernos do PSOE. 1982-1996

A descomposición da UCD, a dimisión de Suárez trala perda de popularidade e o fracaso do golpe de Estado do 23 F de 1981 motivaron o triunfo electoral do PSOE, liderado por Felipe González. O PSOE gobernará durante catorce anos sen interrupción, os 10 primeiros gozando de maioría absoluta. Felipe González presidirá un goberno formado por unha nova xeración de socialistas, militantes da clandestinidade antifranquista, defensores de reformas que favoreceran a modernización de España. Felipe González que conta co apoio da Internacional Socialista, en 1981 asumira unha liña moderada de **non actuar contra os intereses dos poderes financeiros, nin da Banca, nin da Igrexa, nin do Exército**.

En canto ó Programa de Reformas, o PSOE vai emprender unha serie de medidas cos obxectivos básicos de consolidar a democracia, a modernización de España, sanear a economía e atallar os graves problemas como a inflación, o paro. En materia de **Facenda** (incremento da presión fiscal e da súa eficacia que permitiu incrementar de forma extraordinaria o investimento en educación, sanidade e infraestruturas), En **Defensa** (intenta rematar co golpismo, coa redución de número de Xefes e oficiais e a destitución de militares ultras...), **Reformas na Educación** (LODE que contemplaba a existencia de centros concertados e que contentou á Igrexa Católica, a Lei de Reforma Universitaria), **Administración de Xustiza** (Lei Orgánica do Poder Xudicial, que impoñía o sistema de cotas para a elección por parte dos partidos políticos dos membros do Consello do Poder Xudicial). A **configuración definitiva do Estado autonómico** (coa equiparación das competencias de todas as autonomías) e a **Ampliación de dereitos e liberdades**: dereitos para estranxeiros, liberdade sindical, aborto.... Pero tamén a **Lei Corcuera** que permitía a policía achandar un domicilio en caso de "flagrante delito", declarada posteriormente inconstitucional. **Desde o punto de vista económico**, os socialistas realizaron importantes transformacións que permitiron aos españois alcanzar niveis de desenvolvemento próximos ós países da Europa occidental. Tras unha primeira fase de reconversión industrial que afectou negativamente a importantes sectores industriais, sucedeu unha etapa de crecemento económico, de numerosos beneficios empresariais que contrasta cunha situación negativa dos traballadores (sometidos á inflación, moderación salarial, liberalización do mercado de traballo, prolongación anos de cotización para a xubilación...) Estes factores favoreceron a Folga Xeral promovida por UXT e CC.OO en decembro de 1988. A entrada na CEE e a sinatura do Tratado de Maastricht obrigou á políticas de converxencia e adopción da moeda única: redución déficit e débeda pública, privatización de empresas estatais...

Durante esta etapa consolidárase en España o Estado do benestar, espalláronse os hábitos democráticos establecidos na Constitución (dereitos e liberdades, a participación cidadá na vida pública, a igualdade entre xéneros, a mellora do sistema fiscal...). Paralelamente, aumentaron considerablemente os **orzamentos dedicados a gasto social** que contribuíron á consolidación do Estado de benestar con medidas como: **A extensión das prestacións sociais**, como a **asistencia sanitaria para todos os cidadáns** (Lei de sanidade de 1986), o establecemento das pensións non-contributivas, a revalorización das pensións de forma automática; a **Universalización e democratización da educación**. gratuidade ensino medio e primario (LODE, 1985) obrigatoriedade da escolarización dos 14 aos 16 anos (LOXSE, 1990). **despenalización do aborto** en tres supostos (violación, malformación do feto, alto risco para a nai), **novo Código Penal** (1995) que tipificaba **novos delitos** (agresións ó medio ambiente, branqueo de diñeiro, acoso sexual...).

A sociedade tornouse máis europea, máis igualitaria, máis plural, máis laica, mellor preparada profesionalmente, avanzouse na **incorporación da muller ao mundo laboral**, factor que influí no importante descenso da natalidade.

Os hábitos culturais variaron notablemente neses anos, grazas ó **aumento dos investimentos en actividades culturais**, organización de grandes exposicións (Exposición Universal e Xogos Olímpicos de 1992), apoio ao cine, construción de auditorios, pazos de congresos, museos...

Os gobernos socialistas consolidaron definitivamente a presenza de España nos organismos internacionais. **No ano 1986 España entrou a formar parte da Comunidade Económica Europea (CEE), como consecuencia España experimentou a modernización do sistema económico**, a expansión das empresas españolas cara ao exterior e as axudas económicas que permitiron a construción de infraestruturas e a renovación dos sectores produtivos. **Os problemas** afectaron especialmente o sector pesqueiro e o agropecuario.

Ademais o PSOE ratificou a permanencia de España na **OTAN**. Pero a oposición, especialmente a do PSOE, foi moi crítica coa decisión, prometendo na campaña electoral de 1982 a retirada da organización militar se gañaban as eleccións. Unha vez no poder, a posición dos socialistas mudou, desde a inicial e frontal oposición **-OTAN, non-**, pasouse a pedir o si a favor da permanencia. O referendo celebrouse en marzo de 1986 cun triunfo do Si (52,6%), o que permitiu que España confirmase a súa presenza como membro da OTAN, aínda que non se integraba na súa estrutura de mandos militares nin se permitían armas nucleares en España; tamén se reduciría a presenza militar USA en España.

En 1984 aprobouse a Lei Orgánica de Defensa, que reafirmaba a primacía do poder civil sobre o militar mediante a dependencia dos mandos militares ao Goberno. En 1985 regulamentouse a obxección de conciencia e adaptouse a lexislación para dar entrada á muller no exército. Estas reformas permitiron a modernización das Forzas Armadas. Como consecuencia da entrada de España nos organismos internacionais, as tropas españolas participaron coas da ONU en diversas misións de paz. Desde 1993 o exército español está incorporado ao Euroexército.

A corrupción e o desprestixio do PSOE. Nos anos 90 o PSOE veuse envolto en numerosos escándalos: **Cargos públicos nomeados polo PSOE**, aproveitáronse do seu posto, beneficiáronse de información privilexiada ou incluso malversaron e apropiáronse de fondos públicos (Luís Roldán director xeral da Garda Civil).

O financiamento irregular do PSOE Caso Fíles, 1991. Fíles creou unha trama de empresas que recadaban comisións ilegais para financiar gastos electorais do PSOE. **O terrorismo de Estado, caso GAL**, creado e dirixido por altos cargos policiais e políticos quen entre 1983 e 1987 atentaron contra ETA e os seus simpatizantes. Nacionalistas cataláns e vascos retiraron o seu apoio ó PSOE quen adiantou as eleccións en 1996 que permitiron a chegada ó poder do PP de José M^a Aznar apoiado por PNV e CIU de Cataluña.

Valoración dos gobernos do PSOE: . Durante o seu goberno España culminou a súa incorporación á CEE e a configuración do Estado das Autonomías, experimentou notables avances nos servizos (Sanidade, Educación, Infraestruturas...), modernización dos costumes, implantación de valores democráticos. Sen embargo non se logrou resolver o problema do paro (que chegou a acadar o 22% da poboación activa en 1996), non foi posible rematar co terrorismo de ETA, revivíronse os males da política española, como a corrupción o clientelismo e o amiguismo e a participación cidadá en partidos políticos, sindicatos ou ONG, seguiu a ser mínima.

